

Convocatoria
Laboratorio RPM

**Tecer o corpo,
habitar a sombra**

**Tânia
Carvalho**

Santiago de Compostela
11–14.08.2025

RESIDENCIAS
ARTÍSTICAS
E PROXECTOS
MAGNÉTICOS

RPM

Colectivo RPM, en colaboración co **Auditorio de Galicia**, impulsa un laboratorio coa artista **Tânia Carvalho** dirixido a artistas do campo das artes performativas con interese de compartir unha experiencia colectiva arredor do universo artístico desta coreógrafa portuguesa.

O laboratorio –que terá lugar entre os días 11 e 14 de agosto na **Casa das Máquinas de Santiago de Compostela**– navegará entre dúas das súas obras, *A tecedura do caos* e *Ventre do vulcão*. O obxectivo desta iniciativa é construír unha versión colectiva que se poderá ver na **Casa das Máquinas** o día **14 de agosto ás 20 horas**, dentro do marco do Festival C de Santiago de Compostela.



No laboratorio Tânia Carvalho afondará na investigación do corpo como territorio de persistencia, tránsito e transformación, tomando como referencia elementos de *A tecedura do caos*, unha das súas obras máis coñecidas, así como da súa nova creación en proceso, *Ventre do vulcão*.

Tecer o corpo,
habitar a forma

O diálogo con cadros en vivo e a reconfiguración de xestos do ballet clásico e romántico nunha búsqueda incesante tal Ulises que nunca chega ao fogar, propios de *A tecedura do caos*, combínanse coas sombras íntimas que habitamos e resistimos revelar na que se inspira a exploración do proceso *Ventre do vulcão*.

Un laboratorio para tecer corpo, imaxe e memoria. Un laboratorio no que Tânia nos convida a que a pegada do pasado se transforme en novas rutas de expresión.

Tânia Carvalho (Viana do Castelo, 1976)

Coñecida principalmente como coreógrafa, cun percorrido de máis de dúas décadas de creación, Tânia Carvalho é unha artista multidisciplinar cuxo talento se estende a outras áreas como a música, o debuxo e o cinema, tanto en Portugal como no estranxeiro.

Tânia
Carvalho



No universo coreográfico, Tânia Carvalho conta cun admirable portafolio, no que destacan tamén creacións para compañías como o Ballet de l'Opéra de Lyon ("Xylographie"), a Company of Elders, en Londres ("I Walk, You Sing"), a Companhia Nacional de Bailado ("S"), a Companhia Paulo Ribeiro ("Como é que eu vou fazer isto?"), a Companhia de Ballet do Norte ("3"), Dançando com a Diferença ("Doesdicon"), o Ballet National de Marseille ("one of four periods in time, ellipsis"), Tanzmainz Company ("Mysterious Heart"), entre outras.

Entre os seus proxectos musicais destacan “Madmud”, “Idiolecto” e “dubloc barulin”. En 2018 realizou Um Saco e uma Pedra – peça de danza para ecrã, a súa primeira película. En 2021 formou, xunto ao músico e performer Matthieu Ehlacher, o dúo Papillons d’éternité. Dende entón, este dúo creou e presentou “Pieris Napi”, “Greta Oto”, “Lyropteryx Appollonia” e “Nymphalis Antiopa”.

Tânia Carvalho foi galardoada co Premio Novos Creadores 2000 con Inicialmente



Previsto (1999) e en dúas ocasións co Premio á Mellor Coreografía pola Sociedade Portuguesa de Autores, con Icosahedron (2012) e onironauta (2021). No marco do programa da Temporada Cruzada Portugal-Francia 2022, o Théâtre de la Ville dedicoulle unha atención especial ao traballo de Tânia Carvalho, presentando varios dos seus espectáculos ao longo do ano, en París. En 2019 foi distinguida co título de Cidadá de Mérito polo Concello de Viana do Castelo e, en 2023, condecorada polo Ministerio de Cultura de Francia coas insignias de Chevalier de L’ordre des Arts et des Lettres, como homenaxe á súa contribución ao enriquecemento cultural do país.



O laboratorio está pensado para entre **10 e 25 persoas interesadas no campo das artes performativas** (tanto artistas profesionais como persoas sen experiencia profesional pero con nocións artísticas/performativas previas).

A dotación que temos destinada para o conxunto de participantes é de **2.000€**. A bolsa económica repartirase de xeito proporcional ao número final de participantes.



Convocatoria participantes

Para participar é imprescindible poder acompañar a totalidade das sesións, nas datas e horarios seguintes:

Laboratorio participativo

Do 11 ao 14 de agosto* de 11 a 18 h*

Casa das Máquinas

*Descanso mediodía entre ás 13 e 15 h aprox.

Mostra aberta

Xoves 14 de agosto*

Casa das Máquinas

*Horario a determinar

[Enlace formulario participantes](#)

Colectivo RPM é un colectivo de artistas vencelladas á danza e as artes vivas que imaxina, diseña e acompaña distintos proxectos contextuais desde Galicia.

Manteñen un claro compromiso polo diálogo interinstitucional e o impulso de iniciativas ao redor da creación contemporánea, a investigación e a visibilidade da comunidade artística da danza e as artes vivas.

Two solid pink circles are positioned behind the text 'Colectivo RPM' and 'Residencias Paraíso' respectively.

Colectivo RPM
Residencias Paraíso


Ademais do acompañamento de artistas e procesos, o colectivo tamén xera diálogos e accións coas comunidades locais para achegar a práctica artística á cidadanía.

Dentro das liñas de acción do Colectivo RPM destaca o programa **Residencias Paraíso** –construído cunha rede de teatros e espazos cómplices en Galicia– para acoller en residencia a distintos artistas galegas, estatais e portuguesas e que se estende fóra de Galicia na liña **Cruceiros Paraíso** que posibilita abrir liñas de colaboración con outros espazos estatais e internacionais.



Nos últimos anos **Colectivo RPM** colabora co **Auditorio de Galicia** cunha cita anual que serva de encontro coa comunidade das artes vivas do noso territorio coa vontade de continuar construíndo comunidade e reflexionando xuntas sobre o noso contexto en xeral e o papel de **Colectivo RPM** en particular.

Auditorio
de Galicia



Nos últimos anos estas xornadas contaron cun cariz formativo, convidando a distintas profesionais a conducir prácticas ou laboratorios específicos dirixidos ás socias-amigas do colectivo.

Dende 2024 os laboratorios entran nunha nova etapa na que a cidadanía de Compostela pode gozar dunha mostra preparada especialmente para a súa programación municipal de verán.

RPM RESIDENCIAS
ARTÍSTICAS
E PROXECTOS
MAGNÉTICOS

